

IES MURALLA ROMANA

“ OXALÁ ”

Oxalá que o ser humano sexa capaz
de romper as barreiras que lle impiden pensar ,
E sexa sempre a alma e motor do seu andar .

Oxalá que a verdade, corazón por corazón,
borre da humanidade o crime e a traizón .
Oxalá xurda a acción de afundir a discriminación
e camiñe a igualdade á par da razón .

Oxalá que neste mundo remate a maldade
e que desde o mar profundo xurda a felicidade .
Que onde calou algún morto ,
chovan flores na terra ,
que fagan xermolar o seu corpo
e extingan a palabra guerra .

Que morra o gabián que persegue a pomba
Para quitarlle o seu pan porque non quere que o coma .
Que este sol , desde o seu berce , brille sempre .
Mais oxalá sexa máis grande a lúa
para que viva a PAZ.

Galano Antunes , Nalva Dalay (1º BACH)